

CONVOCATORIA DE PROBA PARA A OBTENCIÓN DA MISSIO CANONICA

PARA O PROFESORADO DE EDUCACIÓN INFANTIL E
PRIMARIA
CURSO 2026/2027



As Delegacións Diocesanas para a Educación de Galicia convocan as probas dirixidas ao profesorado de Educación Infantil e Educación Primaria que desexe optar á obtención da *Missio Canonica*, requisito necesario para poder presentarse ás futuras listas de contratación de profesorado de Relixión Católica nos niveis indicados que, previsiblemente, abrirá a Consellería de Educación, Ciencia, Universidade e Formación Profesional durante o vindeiro curso escolar 2026/2027.

1. Natureza e finalidade da *Missio Canonica*

A *Missio Canonica* é a proposta de nomeamento concedida pola autoridade competente da Igrexa Católica para impartir a materia de Relixión Católica nos centros educativos.

Esta autorización non constitúe un dereito adquirido nin automático, senón unha misión eclesial vinculada non só á capacitación académica e doutrinal do candidato, senón tamén á súa identificación coa fe e coa moral da Igrexa Católica, á súa práctica relixiosa e á súa coherencia de vida persoal.

Por esta razón, o feito de superar as probas recollidas nesta convocatoria non implica necesariamente a concesión da *Missio Canonica*, xa que esta depende da valoración global realizada pola autoridade eclesiástica competente.

Ainda que a superación do exame non conleve automaticamente a emisión da *Missio Canonica*, en ningún caso se expidirá dita *Missio* sen ter superadas as devanditas probas.

Unha vez superadas as probas e, tralo visto bo do ordinario correspondente, enviaráselle ao interesado/a unha *missio canonica* específica desta convocatoria, que será a única admitida pola Consellería de Educación para a inclusión nas listas.

2. Documentación requirida

- Copia do DNI.
- Copia do Título Académico de Mestre/a (Diplomado en Maxisterio, Grado en Educación Infantil, ou Educación Primaria).
- DECA.
- Xustificante bancario do pagamento da taxa correspondente.
- Partida de bautismo completa (con especificación de notas marxinais) e legalizada, con data non anterior á publicación desta convocatoria.
- Certificado de delitos de natureza sexual.

3. Programa de contidos

O programa incluíra os seguintes bloques temáticos. O temario extendido e especificado atópase no Anexo I da Convocatoria.



TEMA 1. RELIXIÓN, CULTURA E VALORES

- Identidade da área de Relixión e Moral Católica.
- O feito relixioso na historia e na estrutura do ser humano.
- O feito relixioso cristiano e a cultura.
- O Evanxeo e a nova evanxelización.
- A persoa humana.
- Iniciación ao coñecemento da Biblia.
- Manifestación de Deus na creación.
- A Alianza de Deus co seu pobo.

TEMA 2. A MENSAXE CRISTIÁ

- Xesucristo, revelación plena de Deus.
- A Santísima Trindade.
- A Igrexa.
- Escatoloxía.

TEMA 3. A IGREXA, OS SACRAMENTOS E A MORAL

- A Igrexa, novo Pobo de Deus.
- María, Nai de Deus e Nai da Igrexa.
- Os sacramentos e o culto.
- A moral evanxélica.
- A misión da Igrexa.
- O profesorado de Relixión Católica.

4. Estrutura das probas

Primeira parte: proba escrita tipo test sobre os contidos do programa.

Segunda parte: proba oral para as persoas que superen a primeira proba. Versará sobre a igrexa local, a práctica relixiosa e a vivencia da moral cristiá. Así mesmo, poderase pedir a profundización de preguntas respondidas na primeira proba.

* Calquera afirmación contraria á doutrina da Igrexa Católica suporá a exclusión automática del proceso.

5. Data e lugar de celebración das probas

Primeira parte:

- 21 de xullo de 2026 no Colexio La Salle de Santiago de Compostela.
Ás 10:00 horas dará comezo o primeiro grupo de examinados. Dependendo do número de persoas inscritas, convocarase oportunamente a cada candidato/a na súa hora correspondente.
- O día 23 de xullo de 2026 comunicarse o resultado da primeira proba.

Segunda parte:

- 27 de xullo de 2026 no Instituto Teolóxico Compostelán, en horario aínda por determinar.



6. Inscripción, taxa e consultas

A publicación realizarase a través da plataforma habilitada na web oficial convocatoria:

<https://missiogalicia.com>

Datos bancarios:

Titular: Delegación de Educación Archidiócese de Santiago de Compostela

IBAN: ES7820800300813045612179

Concepto: Taxa + DNI

Importe: 30 €

As persoas interesadas poderán inscribirse neste proceso a partir da publicación desta convocatoria na web <https://archicompostela.org>

- A inscrición pecharase o 27 de xuño ás 23:59 hs.
- A publicación da lista de admitidos realizarase o 29 de xuño; dende ese día ata o 3 de xullo estará aberto o prazo para a subsanación de erros para as persoas que quedaran excluídas.
- A publicación definitiva da listaxe de admitidos será o 7 de xullo.
- Todas as publicacións oficiais da convocatoria levaranse a cabo na páxina web oficial da mesma: <https://missiogalicia.com>

DR. ALEJO MANUEL DIZ FRANCO
COORDINADOR DELEGADOS DE EDUCACIÓN DE GALICIA